

A Cámara reclama medidas urgentes que atenúen o impacto das obras

Ferrol. 24/11/2010. A Cámara de Comercio reclama que o Concello de Ferrol poña en marcha, con carácter urgente de cara á campaña de Nadal, un conxunto de medidas que atenúen o impacto que están a sufrir os sectores comerciais e de servizos polas obras que se levan a cabo en diferentes vías e prazas da cidade.

A comisión de comercio interior da entidade, que preside Ramón Cobelo, reuniuse onte para tratar as numerosas queixas transmitidas por comerciantes e hostaleiros destas zonas debido aos prexuízos que lles está a causar a demora nestes traballos que afectan, ao mesmo tempo, ás principais áreas comerciais, como son as estradas de Castela e Catabois ou as prazas de España e Amboage.

Así, consideran que, nun contexto, como o actual, de crise do tecido económico e de contracción do consumo e, cara a inminente campaña de Nadal, os establecementos destes espazos urbanos vanse ver seriamente afectados xa que os consumidores, polas dificultades de acceso aos locais – tanto para o tráfico rodado como para o tránsito peonil—poden optar por realizar as súas compras noutros lugares.

Por iso, a Cámara trasladará ao alcalde e a os concelleiros de Urbanismo e Obras unha serie de propostas de actuación urgente entre as que figuran as seguintes:

- Establecemento de xornadas de traballo a dobre quenda, para diminuír o prazo total de execución das obras e consecuentemente a súa repercusión no comercio.
- Sinalización efectiva e adecuada dos recorridos do tráfico rodado.
- Corrección de puntos conflitivos de aglomeración de tráfico para contribuír a minimizar os problemas de circulación.
- Proposta de aparcamentos públicos alternativos durante a campaña de Nadal.
- Garantía de acceso peonil aos establecementos comerciais e de hostalería, mediante elementos deseñados adecuadamente (pasarelas, vallas...)
- Mantemento das áreas de intervención en condicións adecuadas en canto á limpeza das vías urbanas e reforzo nas obras de conservación (reparación de avarías, fochas, etc.)

